

INTRODUCCIÓN Á TEORÍA SOCIOLÓXICA

Na Teoría Sociolóxica Clásica imos ver basicamente dúas cousas: autores e grandes correntes teóricas. Pero para abordar a Teoría Sociolóxica desde un sistema realizáremo-lo polos autores debido a que todos xeraron unha teoría sociolóxica que podemos clasificar en dúas preocupacións:

- de orde normativo.
- de orde positivo.

A palabra *normativa* vén de norma, e a palabra *positivo* ten relación coa corrente positivista. Un autor realiza unha proposta normativa cando está formulando un deber ser ou cando di cómo debe ser a sociedade. Deseñan un modelo de sociedade e din como debe ser esa sociedade, por exemplo: unha parte da teoría sociolóxica de Marx ten un forte grado normativo, cando hai un deseño utópico está no marco da orde normativa.

Os autores *positivos* fan unha descrición, dan unha explicación da sociedade na que están vivindo, cónfórmanse con explica-lo pero non deseñan un modelo, non creen que un sociólogo teña como tarefa dicir como debe estar constituída a sociedade.

Non existe a socioloxía como ciencia se non ten un obxecto de estudio delimitado e un método, a historia da teoría sociolóxica é a historia da delimitación do obxecto de estudio. A socioloxía nace no século XIX e os modos sociolóxicos en xermolo antes desa data son un pensamento social pre-científico. O concepto de sociedade, do social, é un concepto moderno, comeza a aparecer nos discursos teóricos a finais do século XVIII. As realidades existen pero tematízanse cando se dan unhas condicións precisas para que esto se produza.

A tematización do concepto de sociedade prodúcese no século XIX. A finais da Idade Media (finais do século XVII), a realidade social ten dúas variables:

- a variable política: estado absoluto ou a monarquía absoluta.
- a variable familiar ou doméstica: a familia como unidade de produción e de consumo. A Revolución Industrial leva a produción da familia á fábrica.

Todos os individuos transitan entre estes dous espazos. Pero a finais do século XVII aparecen uns signos que din que este esquema tan ríxido comeza a quebrar, comeza a ser tematizado un espazo inédito e novo, ese espazo é o que se vai a denominar *sociedade*. Cando un esquema social e político non atopa un consenso social ten que resquebrarse porque os individuos conceden lexitimación ás sociedades nas que viven, sendo diversas esas vías de lexitimación. Estes individuos crían que este sistema era o único posible, crían que era o modelo natural; a idea de Deus e da Natureza eran cruciais na Idade Media e lexitimaban a sociedade na que vivían.

A socioloxía é unha ciencia que estudia o que é socialmente construído. Detrás do esquema da Idade Media atópase en derradeira instancia Deus. Na Idade Media os individuos non existen como concepto, o concepto *individuo* significa que somo distintos os uns dos outros, no século XVII non existe este concepto porque todos comparten uns valores morais que derivan dos relixiosos. Na Idade Media é a relixión a que proporciona a identidade, non é posible ter códigos alternativos neste período histórico. O concepto de *natureza* e de *Deus* como elementos fundamentais de lexitimación e de construción da sociedade medieval.

A Ilustración, o século XVIII, é o punto onde o esquema mental se quebra, e a idea de Deus e da Natureza deixan paso a outro tipo de ideoloxía. *O Contrato Social* de Rousseau invalida este esquema, foi un libro pouco lido e sen embargo cunha enorme influencia.

Sempre existiron sociedades aínda que a socioloxía non aparece ata o século XIX. A calquera realidade social aféctanlle múltiples causas. O espazo sen o cal non é comprensible a aparición da socioloxía é o estado-nación, e no caso da socioloxía en Occidente.

Ó longo do século XVIII é cando aparece o concepto de *social*, de *sociedade* nos discursos intelectuais. Sociedades no sentido de comunidades existiron sempre. O problema xorde neste século cando aparece un concepto de *comunidade* que non existía ata entón, para que se produza esta nova modalidade de sociedade prodúcense dous acontecementos históricos básicos:

- a Revolución Francesa.
- a Revolución Industrial: é absolutamente fundamental para a socioloxía o concepto de *cidade*.

Sen estes dous acontecementos non se pode falar de socioloxía, nin da sociedade tal e como a entendemos hoxe.

No século XVIII prodúcese un cambio nas estruturas políticas e económicas en Europa, sendo este o seu lugar de nacemento. Durante toda a Idade Media enténdense as comunidades, institución sociais ou económicas como se fosen feitos naturais. **A socioloxía parte do suposto de que o natural non existe, por eso non pode estudar estes feitos.** A socioloxía descarta a idea do natural, as sociedades non teñen que ver cunha orde fixa das cousas, á socioloxía interésalle a idea de que as sociedades teñen que ver cos individuos. Para entender o que é a socioloxía, as orixes teóricas e filosóficas, ten que desaparecer o concepto de *natural* e aparecer nos individuos o concepto de *social*.

En 1752 Rousseau escribe o **Discurso sobre a orixe e fundamento da desigualdade entre os homes**. É a primeira vez que se postula dunha forma clara que a sociedade é unha construción social. Neste *Discurso*, Rousseau desenrola a seguinte tese: a desigualdade é un feito, é unha realidade, que explica moi ben cómo está constituída a sociedade francesa. Este autor explica cómo están constituídas as sociedades europeas da Baixa Idade Media. As sociedades europeas do XVIII son estamentais, rixidamente xerarquizadas e Rousseau trata de dar unha explicación a esta desigualdade. Os individuos daquel tempo entendían que as desigualdades eran algo natural. Rousseau defendía que se a todos os individuos lles quitamos todos os atributos sociais, se lles quitamos todas as características que constitúen unha sociedade, eses individuos son todos iguais. Na natureza humana non está inscrita a desigualdade, todos son iguais salvo algunhas pequenas características (homes-mulleres, altos-baixos, sanos-enfermos). Rousseau chegará a dicir que varóns e mulleres son iguais, e que os individuos de distintas razas son iguais. Neste século este texto de Rousseau foi un escándalo debido ás circunstancias históricas. Rousseau non arremete só contra a burocracia senón tamén contra a burguesía (que non se opuña á desigualdade senón que a teorizou). Este autor crerá que a desigualdade non ten ningún tipo de lexitimidade, non hai ningunha razón de fondo ou forma que poida xustificar a desigualdade porque todos os individuos por natureza son iguais. Rousseau constata que a desigualdade é o núcleo fundamental da sociedade medieval. Este autor trata de construír, trata de demostrar que os individuos tendemos naturalmente á igualdade. Cando un autor quere explicar unha tese ten que esforzarse para atopar todas as demostracións posibles. Busca argumentos para tratar de lexitimar toda a estrutura social da época e faino acuñando un concepto novo que é o de **estado de natureza**. Non hai un só argumento máis forte, e ó cal ningún movemento social renuncie, que é a orixe (a orixe é un movemento de lexitimación). Todas as teorías revolucionarias teñen que buscar razóns para subverter a orde: tratar de reconstruír unha orixe na que non exista esa opresión, sempre que existan longos períodos de opresión. Cando un grupo oprimido queira cambiar a realidade o primeiro que fai é voltar a vista ó pasado, e pódese facer de dúas formas:

- buscar aquilo que ocorreu realmente.
- construír mitos.

Rousseau remítese á orixe dos tempos, inventa un pasado que previsiblemente non existiu, e faino con aleivosía ética, el mesmo explica que este estado non existiu e que con el pretende demostrar a igualdade dos

individuos.

- PIEDADE
- AMOR DE SI
- PERFECTIBILIDADE

Cando se escribe este libro pon os fundamentos teóricos para o que despois será a Revolución Francesa. Impugna a sociedade do seu tempo e debate cos contemporáneos as diferencias de pensamento. As dúas características que definen á produción teórica de Rousseau son:

- **Impugnar a sociedade do seu tempo.**
- **Poñer os fundamentos para unha nova sociedade.**

Para entender ben a obra de Rousseau hai que lela pegándose á realidade histórica da sociedade francesa. O francés é un teórico da democracia radical, é partidario de que todos e cada un dos individuos se convertan en suxeitos políticos moi activos.

Rousseau reconstrúe hipoteticamente un pasado para demostrar que todos os individuos son iguais por natureza e para impugnar esa sociedade estamental.

TEÓRICOS DO CONTRATO SOCIAL

Os teóricos do contrato social deseñaron un modelo social: Locke faino en clave liberal e baséase en que todo o mundo teña acceso á propiedade privada; Hobbes define un modelo de Estado obsoleto: os individuos necesitan un poder regulador forte e Rousseau defende unha democracia radical. E todos para construír unha nova sociedade recorren ó Estado de Natureza, é unha construción conceptual, recurso metodolóxico ou hipótese de traballo: imaxinémonos que as cousas foron así. Só Locke creará que o seu estado de natureza existiu nos albores.

O estado de natureza de Rousseau é un paraíso, aínda sendo un demócrata radical, o pensamento de Rousseau está contaxiado de presupostos relixiosos. Para o cristianismo existiu un paraíso primixenio, para este autor o estado de natureza está situado no campo, na natureza, os individuos vivían nunha natureza abundante para que non significase unha loita entre individuos; aquí son felices, autónomos e autosuficientes e todos son iguais, extremadamente libres e iguais. Estes individuos que viven na primeira etapa do estado de natureza non adquiren a linguaxe e non teñen relación entre si, a única relación que teñen é a través da procreación. En función do modelo que quere a sociedade un autor ten que definir un estado de natureza ou outro.

O único que sostén o *estado de natureza* existiu realmente era Locke, para o resto é un constructo explicativo. Os homes salvaxes rousseauianos son felices todos e son iguais porque non teñen ningún tipo de relación social entre eles, están illados entre si polo que non poden existir características da sociedade.

Para Rousseau os homes cando chegan ó mundo son unha táboa rasa, o **individuo antes de ser socializado ten dúas características que son morais: a *pietade natural* e o *amor de si***. Para Rousseau a ***pietade natural* é un sentimento que está presente en todos os individuos que consiste na capacidade de poñerse no lugar doutro individuo cando está en circunstancias de sufrimento profundo**. Entre os individuos dunha mesma especie non se alegran co sufrimento alieo, é a base da sociabilidade, os individuos teñen a capacidade de poñerse no lugar do outro, recoñecerse no lugar do que está en fronte. Unha moral universal pasa pola capacidade ou obriga de poñernos no lugar do outro, recoñecerse no lugar do que está en fronte. Unha moral universal pasa pola capacidade ou obriga de poñernos no lugar do outro. Na *pietade natural* están as bases da sociabilidade.

O ***amor de si*** é a capacidade que ten todo ser humano para sobrevivir, é un instinto de supervivencia que se se

desenrolase negativamente acabaría en egoísmo. Ó mesmo tempo que o home salvaxe pódese definir a partir destas dúas características hai outras especies humanas que tamén as teñen, dirá Rousseau que o que nos separa á especie humana doutras é unha terceira característica que podía terse desenrolado ou non: a perfectibilidade (que individualiza ó ser humano). A perfectibilidade ó xuízo de Rousseau é un elemento que está latente no ser humano, e que o empuxa á sociabilidade, se a perfectibilidade non se desenrolase non tería existido a historia, é unha hipótese de traballo que a el lle convén argumentar así.

O estado de natureza é previo á historia porque **a historia a xuízo de Rousseau comeza coa sociabilidade** e no mesmo non se desenrolaron as relacións sociais. A perfectibilidade é un mecanismo latente existente en todos os individuos que se se pon en funcionamento aparecen todos os mecanismos de sociabilidade (aparición da linguaxe, cooperación entre individuos, etc). O home rousseuniano non é bo ou malo porque para isto é preciso vivir en sociedade.

Os individuos de Rousseau van establecendo mecanismos de cooperación polos procesos da natureza (p.ex. ataques da natureza). Cando comezan as primeiras relacións entre individuos póñense os fundamentos da sociedade, é un proceso dialéctico, a mente dos individuos voltase máis complexa, xera novos modos de razoar colectivamente de aí xorde a primeira institución que será a que fundamente todas as sociedades: a familia.

Rousseau é o teórico da familia moderna, é o que por primeira vez concibe a familia dun xeito moderno: baseada no amor, na subordinación da muller, de condición patriarcal, na que a autoridade recae no *pater familias*; ata ese momento non se baseaba no amor senón na convivencia (intereses económicos), era extensa e as relacións entre home e muller eran violentas.

Será Rousseau o portavoz dos intereses burgueses quen quere convertese cambiar ese modelo de familia introducindo o amor e a sexualidade non mesmos, desde o punto de vista da familia e da muller convértese en portavoz da pequena burguesía. Rousseau dirá que as relacións xorden dunha forma absolutamente espontánea igual que a familia e que o modelo da aristocracia era un modelo de familia perverso e que non era natural.

Todas as características que Rousseau establece no estado de natureza aparecen reflectidas no modelo que Rousseau quere construír despois da Revolución Francesa.

As relacións de odio e violencia nas familias do modelo aristocrático danse por un sistema perverso, non é espontáneo nin está no corazón do individuo. Temos entón as primeiras microsociedades que están formadas por familias nucleares con relacións de afecto moi fortes, é o momento dourado da humanidade no cal non existen relacións de dominación, nin de subordinación, non hai características que acaban coa sociedade (luxo, egoísmo, envexa, etc). Rousseau non tematiza a familia patriarcal como unha desigualdade, prefere pensar que as relacións da familia en base á subordinación son naturais por motivos de teorización do seu modelo político.

Trátase do momento dourado da humanidade, Rousseau é o autor que constrúe o concepto de infancia, no seu libro *O Emilio*, tal e como se concibiu na modernidade. Entendíase a infancia sen que requirise condicionamentos afectivos iguais senón que tamén eran receptores de violencia.

FLANDRIN: A orixe da familia burguesa. Editorial Grijalbo.

A idea do neno como unha criatura radicalmente distinta dun adulto aparece en Rousseau, que debían ser receptores de cariño e dunha educación especial. Os varóns nesta familia exercen a violencia polo amor e as mulleres entenden que a súa posición é subordinada polo amor, existe fidelidade, lealdade e non hai celos.

Os individuos teñen unha boa relación coa natureza, Rousseau considera inaceptable desde un punto de

vista moral e político o exterminio da natureza, non entende que esta deba ser domesticada, debe existir unha relación harmoniosa coa natureza.

Estes individuos vivían no medio dunha natureza abundante e tomaban o que precisaban, ata que chegou un momento no cal a un individuo se lle ocorreu cercar o lugar onde estaba vivindo, ese é o verdadeiro fundador da sociedade civil que el coñece, é o primeiro que puxo as bases da institución máis inícu e perversa: a propiedade privada. Sen embargo, aínda que este individuo funda a sociedade civil, aínda así van a continuar durante un período de tempo no que seguen vivindo de xeito harmonioso, a propiedade privada durante un período de tempo na que non existen nin pobres nin ricos. Rousseau non cuestiona a pequena propiedade privada, se os individuos están ben socializados (é dicir non para o enriquecemento), é unha institución aceptable. Rousseau está en contra das acumulacións de capital.

Bibliografía de Rousseau:

- As confesións (libro de memorias).
- O Emilio (tratado de educación).
- Discurso sobre a orixe e os fundamentos das desigualdades entre os homes (crítica ás desigualdades económicas propia da clase burguesa).
- O Contrato Social.

O concepto de *estado de natureza* é unha das pedras angulares do Contrato Social, tratándose dunha sociedade que non está vinculada con Deus, é unha metáfora pois non existiu realmente ou historicamente, é un recurso metodolóxico e en función dese hipótese imos a construír o futuro.

Para Rousseau na orixe dos tempos os individuos eran libres ata que ocorre algo extremadamente importante: a aparición da propiedade privada, unha institución creada por vaidade, luxo, egoísmo, etc. Rousseau non está exactamente en contra da propiedade privada, senón que está en contra dos grandes patrimonios e dos grandes capitais, entende que detrás hai un perverso poder. Pero a propiedade que provén do traballo do home entende que dá dignidade e independencia.

Cando Rousseau fala do pacto orixinal fala da sociedade do seu tempo e cando fala da propiedade privada fai un diagnóstico da súa época. Durante un longo período de tempo os individuos apropiáronse daqueles terreos que lles serven para autosuficiencia, pero non todos os individuos precisan o mesmo espazo, un día ocorre o inimaxinable: existen terras comunais que non son necesarias para que as familias poidan subsistir, entón hai unha acción inmoral desde o punto de vista ético: algúns individuos aprópianse do comunal, que era de todos e pasa a ser duns poucos (é unha impugnación moral á sociedade aristocrática francesa). Uns poucos individuos da sociedade do momento estanse facendo co que era de todos. Pero este mecanismo de apropiación é un mecanismo que non ten fin, o asunto é que ó mesmo tempo que opera ese proceso de apropiación estanse producindo valores, mentalidade, como a ambición, o luxo, etc. ou a idea de que un individuo é tanto como o que posúe. Este valores sosteñen moral e politicamente á aristocracia, pero ó mesmo tempo aparecen outros valores que lexitiman a burguesía. Este proceso, segundo Rousseau, acabará nunha guerra (todas as teorías do contrato social teñen unha guerra no medio) porque os que non teñen séntense ilexitimados. A guerra da que fala este autor é equivalente a un conflito social ou cambio político. Pouco a pouco formáronse dúas partes diferenciadas: unha parte pequena que detenta a gran propiedade e unha gran maioría que non teñen nada.

Rousseau defende ou explica que eses poucos aristócratas cunha gran voracidade tentarán apropiarse do sustento desa maioría sen nada. Constitúese unha situación de inxustiza e desigualdade que acaba nun conflito de gran envergadura que remata co pacto orixinal.

Esta é unha guerra de estamentos pero como todas as guerras hai que pactar e hai momentos nos que non se sabe que parte vai a desaparecer. Dirá Rousseau que a minoría vai a convencer con argumentos políticos e valores á maioría de aceptar un pacto que consiste en que os donos dos recursos ofrecerían subxección a quen non teñen nada e os que non teñen nada ofrecerían submisión a os que o teñen todo, **intercámbiase suxeición por submisión**. Este pacto é inicuo, un pacto perverso porque consagra as desigualdades sociais. **Este pacto dá lugar á sociedade estamental, Rousseau tenta explicar a sociedade da súa época**. Este pacto para o noso autor é ilexítimo porque está baseado na desigualdade máis profunda. Neste período hai unha ideoloxía de lexitimación da desigualdade que é extremadamente operativa e que perdura no tempo, p.ex. a idea de que sempre que hai oprimidos hai opresores. Rousseau di que aqueles que van a protexer ós que nada teñen poñen unha maquinaria ideolóxica en funcionamento que defende ese pacto en contraposición coa posibilidade de matarnos uns a outros, é o pacto feudal. Cando a desigualdade chega ó extremo prodúcese unha guerra maior, entón este pacto acabará nunha guerra enorme que sitúa ós individuos novamente no seu estado de natureza, que significa que os individuos non teñen ningunha obriga a manter a submisión ó poder establecido (fala dunha revolución). Rousseau fala dun proceso constituínte, fala da substitución dun réxime político por outro, pola redistribución dos recursos económicos, o fin da sociedade estamental e o comezo dunha sociedade onde primen os intereses comúns dos individuos.

Rousseau aspira a un modelo no que existe socialización pero non hai desigualdade, ten como ideal o modelo de Xenebra desa época na que todo individuo ten dereito a unha pequena propiedade privada. Ó final da súa vida dáse conta de que a propiedade privada xera mecanismos que provocan unhas ansias cada vez maiores de posesión polo que postulará un goberno con tinguaduras autoritarias. Hai dúas guerras, o primeiro pacto é inicuo e a segunda guerra dá lugar ó *contrato social* que é o modelo do bo pacto. No Contrato Social os individuos intercambian entre todos eles liberdade e igualdade para todos e cada un deles. Os individuos non teñen nin a obriga moral nin a obriga política de obedecer ó poder establecido –entón posibilita establecer un novo pacto a raíz das desigualdades.

O pacto orixinal establecíase entre dúas partes dunha sociedade: a maioría e a minoría, sen embargo, o pacto do contrato social é consensuado por todos os individuos varóns dunha sociedade, todos os individuos sitúanse nunha razón cero. Para realizar accións hai que habilitar posibilidades, o contrato social é unha hipótese que nunca existiu pero da que se vale Rousseau para idear unha sociedade máis xusta e igualitaria.

É a primeira vez na modernidade que se pensa que os individuos poden construír unha sociedade de individuos, que se pode atender ós intereses dos mesmos e de todos. Rousseau cando pensa nos individuos que habitan o seu modelo de sociedade pensa en individuos políticos, que teñen unha acción política, está pensando en cidadáns. Non pode existir a construción social sen a existencia de cidade.

A socioloxía nace entorno a dous piares: a cidadanía e o Estado–Nación.

Locke pensa no cidadán no cal se enfatiza a capacidade de realizar actividades económicas, é un individuo económico, Locke pensa o que lexitima o acceso á propiedade privada a través do traballo. Para Locke a propiedade privada é un dereito natural (é o fundador do liberalismo).

Rousseau elude a cuestión do económico e pensa o cidadán en termos políticos, Rousseau pensa nunha asemblea como núcleo constituínte da sociedade (influencia posterior sobre o marxismo, a Escola de Frankfurt e o anarquismo). Rousseau pensa nos individuos que viven por e para a asemblea, ou para facer unha sociedade que evite as desigualdades e o seu modelo político vai centrado en que non aparezan modelos de desigualdade económica. Para este autor a sociedade faise e desfaisce continuamente a través da Asemblea, quere cidadáns que sexan autenticamente suxeitos políticos e que poidan operar sobre as estruturas políticas, por isto é o fundador da democracia radical.

A aspiración de Rousseau é que todos os cidadáns teñan os mesmos grados de igualdade, realidade e de poder económico. O ginebrino ofrece un modelo político normativo, que é o que debería ser. Cando a

sociedade non é capaz por só mesma de crear mecanismos para frear as desigualdades económicas deber ser o poder político quen acabe coas mesmas.

Cando as dúas partes que pactan fano nunhas condicións de extrema desigualdade ou cando hai enganar, para Rousseau non hai consenso e neste caso será un pacto inicuo. A sociedade do contrato social é a asemblea constituínte en funcións permanentes. Todos entre si cos mesmos grados de liberdade e igualdade deciden darse un autogoberno en sufraxio universal.

Dunha forma case espontánea xorde a familia e este período recibe o nome de *estado puro ou de ouro* porque é o comezo do estado de natureza sociable e tómanse aquelas cousas que producen pracer e felicidade. O estado presocial defínese pola aparición dunha institución que é a familia, esta xorde espontaneamente e é o modelo que propugna a burguesía, non o que existía no momento, é o modo natural, é nuclear e é patriarcal. Na cal o varón se ocupará da subsistencia e a subordinación da muller ó home. O consenso básico desa familia é o amor, a lexitimidade. No pacto orixinal as mulleres non participaban na guerra, na sociedade do contrato social as mulleres non participan na asemblea.

- PACTO ENTRE VARÓNS.
- PACTO ENTRE VARÓNS

E MULLERES

A contradicción principal de Rousseau é que a pesares de ser o gran teórico da igualdade, defende que a sociedade é unha construción humana e é un gran defensor da democracia radical, este autor exclúe ás mulleres de todos os ámbitos da vida social, teoriza a idea de que as mulleres non son nin suxeitos racionais nin tampouco suxeitos políticos, están excluídas da cidadanía.

Todos os teóricos do contrato social e os do estado de natureza (Hobbes, Locke e Rousseau) non pensan en ningún momento que as mulleres poidan ser nin suxeitos racionais nin políticos. Rousseau é o teórico do concepto moderno de feminidade e de familia. Rousseau trata de explicar a orixe da desigualdade, pero a metade da historia está por contar.

No século XVIII teorízase que a vida no espazo público é a vida boa –herdeiro do mundo grego– é unha sociedade na que o home poder planificar a súa vida, so é aceptable unha sociedade consensuada polos individuos. Na guerra que dá lugar ó pacto orixinal só interveñen os varóns, as mulleres que no *estado de natureza* eran iguais que os homes desaparecen, neste estado só existían as diferencias de natureza, pero non políticas. As mulleres quedan excluídas de todo o público, de todo o que ten que ver co poder económico.

Esta exclusión é moi importante pois tal e como se teorizou isto as mulleres non existen visiblemente. Esta construción explica porque as mulleres non podemos votar ata o século XX e porque a situación das mulleres é na actualidade inferior á que ocupan os homes.

No *estado presocial*, na segunda fase do *estado de natureza*, ocorreu algo que en si é moi contradictorio. Di Rousseau que a familia é unha institución, é unha construción socialmente feita, é un feito social. Da mesma forma os individuos podíamonos ter organizado noutro tipo de organización. Rousseau no Discurso reprocha a Locke que este autor considere a familia como un feito natural, que toda institución é unha convicción social. Tendo isto claro prodúcese unha contradicción pois xustifica o nacemento da familia como un feito natural, de forma esporádica. A familia para Rousseau ten que ser patriarcal, na que o pai de familia teña poder sobre todos os membros da familia pero non ten porque exercelo de forma violenta. Para Rousseau a familia é o resultado dun pacto libremente aceptado polas dúas partes, que é confirmado polo matrimonio.

Para o ginebrino o consenso das dúas partes do matrimonio nace do amor –Rousseau é o teórico da familia moderna e burguesa–. ¿Sendo unha institución pactada porque as mulleres pactan esta desigualdade? As

mulleres deciden que non é importante o espazo público. Para Rousseau todo pacto que está baseado nunha desigualdade acabará por tentar reformular o pacto ou recuperar de novo eses dereitos.

O contrato sexual ten dúas partes e ten lugar no comezo do estado presocial cando se funda a familia moderna:

- **Todos os varóns pactan entre si a exclusión das mulleres como suxeitos políticos e a suxeición das mulleres dentro do ámbito da familia patriarcal.**
- **Pacto entre mulleres e varóns. Baseado na persuasión, no convencemento, baseado na violencia. Convéncenas de que se queden na casa, que se fagan cargo das tarefas de reprodución biolóxica e social fronte a esta submisión os varóns ofrécenlles protección.**

Rousseau acepta este pacto orixinal entre varóns e mulleres tendo a mesma estrutura que o *pacto orixinal*. **O estado de natureza é o modelo analítico e político que utiliza o xenebrino para a construción dun sistema político democrático.** O estado de natureza é unha construción interesada, previamente pensada para fundamentar un estado democrático. Cando Rousseau teoriza a desigualdade xa ten pensado o modelo democrático, o estado de natureza está subordinado politicamente ó Estado que el tiña pensado para o século XVIII. Se non está resolto o tema da familia Emilio non podería ser un militante full time, necesita unha Sofía na casa.

Debemos entender o pensamento ilustrado como o paso histórico entre a sociedade estamental e a sociedade burguesa.

A Revolución Francesa e o seu significado político acaba no 1814, cando se produce unha victoria sobre Napoleón. En Viena hai un congreso onde se restaura a lexitimidade monárquica. A este proceso que se inicia en 1814 e se concreta no Congreso de Viena denomínaselle Restauración, trataba de invisibilizar todos os intentos liberais que se produciron en Francia. Este período provocou un intento antirrevolucionario en toda Europa, e a Igrexa volta a ter ese papel predominante. No século XIX constitúese a ideoloxía nacionalista, é o século do Estado-Nación, a identidade dos individuos deixa de vir da man da relixión, vén a identidade a través do Estado. A socioloxía constrúese nesta etapa: a Revolución Francesa, a Revolución Industrial e o Estado-Nación, dan lugar ó modo de pensar sociolóxico moderno. A identidade vén do Estado-Nación, todos os valores que constitúen a sensibilidade dos individuos na Idade Media proporcionábaos a relixión, neste século XIX prodúcese a secularización, hai un declive da relixión.

No marco de todo este proceso un chanceler chamado Meternick logra establecer o dereito a intervir militarmente nos países que estean ameazados por alzamentos liberais, no 1820 aplicouse este proceso a España restaurándose Fernando VII e acabando coas Cortes de Cádiz (1812). En Francia hai dous sucesos: Revolución do 1830 e a do 1848 que nos interesan para entender o positivismo. A Revolución de 1830 xorde a propósito da aplicación dunha política extremadamente conservadora, celébranse unha eleccións censitarias. Na Revolución de 1848 a consecuencia da explosión é a raíz dunha crise económica moi profunda que sume na miseria á maioría dos franceses, conduce á clase obreira á inanición, e o pobo levantado constitúe a II República Francesa.

O positivismo ten unha vocación moi profunda de reforma social, e xorde nun período de caos político, non hai un sistema estable. É unha das respostas que se da ó que produciu a Revolución Francesa. Todos aqueles autores e pensadores que acuñaron este marco analítico ó que denominamos positivismo non participaron na Revolución, padecen os efectos posteriores.

No século XVII todo o pensamento que se deriva da Ilustración ten un carácter subversivo, revolucionario. O racionalismo pon en cuestión ós grandes poderes que dominan Europa: a igrexa e a monarquía. Detrás da idea de que afondar no pensamento produce riqueza, está a burguesía. Esta apropiase da ideoloxía racionalista e desde esta perspectiva desmontar todo o sistema estamental.

O pensamento ilustrado é moi diverso, o positivismo é o desenrolo dos núcleos que están presentes no pensamento ilustrado. O positivismo desenrola as posicións intelectuais e políticas máis conservadoras, o marxismo deriva das posicións máis radicais. O positivismo é un modo de pensar máis conservador, e que toma aqueles conceptos da Ilustración que lle son útiles, por exemplo a idea de progreso.

A idea de positivismo está moi vinculada á idea de ciencia, a socioloxía está ligada á idea dun método científico parecido ó das ciencias naturais. O positivismo ten unha dobre aspiración: vai a crer que a realidade social pode ser desvelada a partir dun método científico (esto é innovador), de eliminar a subxectividade e a arbitrariedade, pero **ten que ser un método obxectivo**; e despois hai un **elemento de orde político, o positivismo fai a súa a idea de progreso, utiliza a ciencia para conquistar o benestar, fe ilimitada na ciencia e no progreso da sociedade**. Cree inxenuamente que a sociedade pode ser arraxada, que todo tipo de progreso non pode vir doutras partes que non sexan a ciencia.

Esta fe ilimitada na ciencia despois vai a ter o seu propio proceso de secularización, a finais do XIX prodúcese un desencanto con respecto á ciencia. O positivismo ten como aspiración producir un marco metodolóxico que nos permita investigar a realidade social como a que empregamos para investigar o mundo natural. O positivismo impulsa o tratamento científico das realidades sociais e isto ocorre na primeira metade do século XIX, e este será cuestionado a posteriori por Marx.

A socioloxía desde unha perspectiva positivista parte da observación e trata de explicar a existencia de leis fundamentais que den conta de leis sociais. O positivismo ten como aspiración intentar establecer leis sociais que expliquen todos os fenómenos sociais. O positivismo ten a vocación de explicalo todo, non se conforma con ser o marco analítico de interpretación da realidade, terá o poder de explicalo todo, vai a ser un método e un intento de modelo de sociedade. O positivismo irá tan lonxe que quere constituir a súa propia relixión. **Hai dous aspectos básicos: a idea de método e a intención de reforma social en clave liberal: acabar cos vestixios estamentais e impoñer un novo tipo de racionalidade e economía capitalista**. Terá como aspiración crear unha política positiva de tal modo que os novos individuos que terán a capacidade de dirixir a realidade serán os científicos. O positivismo tiña fe na idea de que unha sociedade podía ser regulada a través de criterios científicos.

Controvertido dentro do pensamento sociolóxico. Bastantes autores dirán que a obra de Comte é o desenrolo das ideas principais de Saint-Simon, pois foi secretario deste durante un tempo.

[Seguir o mesmo polo capítulo destinado ó mesmo no libro de autores varios: **Los orígenes de la teoría sociológica**. Editorial Akal.]

Saint-Simon viviu ese proceso que condiciona toda a súa obra que foi a Revolución Francesa, e ó mesmo tempo foi unha das vítimas do Terror posterior á mesma. Saint-Simon tivo dúas dedicacións ó longo da súa vida: transaccións comerciais, é dicir, un empresario que se fixo cun patrimonio enorme e despois dedicouse a vivir, a investigar e a publicar todo o que escribiu, e despois desto arruinouse. Saint-Simon participou das ideas revolucionarias e estivo de acordo cos presupostos da mesma, pediu que calquer rango que se lle puidese atribuír a calquer individuo fose igualitario.

Este autor é importante porque comeza a escribir: **A industria** (1816), no que fai un diagnóstico da sociedade do seu tempo e esta é unha sociedade industrial, que é un proceso económico determinante; Saint-Simon presinte o que será a Revolución Industrial e está interpretando esta. Pensa que será unha sociedade que favorecerá ás sociedades industriais e ós comerciantes e que acabará por rematar co Réxime Antigo. No 1815 pactase a Restauración das monarquías absolutas en Europa, hai unha forte contradición ideolóxica entre os presupostos da Restauración e o que está teorizando Saint-Simon. **A industria** non só supón que os sectores hexemónicos sexan os que queren acabar co Antigo Réxime, senón que se irá posicionando nuns postulados pre-socialistas, cun marcado carácter anticonservador.

A súa obra e o seu pensamento é aberta e ten un **prantexamento estratéxico no pensamento sociolóxico por dúas grandes vías: o positivismo e o socialismo utópico.**

Tres motivos para a importancia deste autor na socioloxía:

- En Saint-Simon hai **textos que poñen as bases da ciencia do home, atópase os primeiros elementos que poden fundamentar á socioloxía como unha ciencia.** É o primeiro intento que se fai neste sentido.
- Fai unha **aportación intensa de análise sobre a sociedade industrial, sinala que vai a ocorrer na primeira metade do século XIX,** entende neste inicio do capitalismo do XIX.
- **Sinala como debe de facerse a política no tempo da sociedade industrial,** os protagonistas da política deben ser distintos ós que regulan á mesma no Antigo Réxime.

Parecen existir dúas etapas distintas no pensamento de Saint-Simon:

- **Regular o proceso científico, aproximación á filosofía da ciencia, fai unha análise teórica, só ten como preocupación a ciencia do home. Saint-Simon pon as bases da socioloxía desde un punto de vista do obxecto e da metodoloxía.**
- **Fai unha análise e un diagnóstico da sociedade contemporánea.**

CIENCIA DO HOME COMO CIENCIA POSITIVA

Para o positivismo en xeral **o coñecemento sempre é acumulativo,** hai unha idea de evolución e desenrolo que non implica que os modelos poidan substituírse por outros. Para Saint-Simon todas as ciencias están sometidas a un proceso evolutivo, está marcada por un proceso no que comezan a ser conxunturais e acaban sendo positivas (p.ex.alquimia-química). A diferenza é que na etapa conxuntural hai un coñecemento deficiente dos feitos e o campo da experiencia é moi limitada, as hipóteses que se establecen dentro dunha ciencia nesta etapa son hipóteses arbitrarias ou sesgadas, e en moitos casos lonxanos na realidade.

Positivismo quere dicir científicismo para estes autores. Contra isto Marx explica que non hai posibilidade de ciencia positiva. O coñecemento baséase no coñecemento máis explícito dos feitos, nas maiores posibilidades de experimentación, etc.

Todas as sociedades teñen momentos de moita inestabilidade e de estabilidade, o proceso de transformación ven das ideas ou das connotacións materiais? Quizais son procesos dialéctivos que se condicionan mutuamente.

Saint-Simon di que hai unha **correspondencia moi estreita entre o sistema social e os sistema ideolóxico, o motor da transformación social para Saint-Simon é a idea.** A sociedade para el é un conxunto de ideas. A idea na ciencia é o motor, ten que ser ante a idea que as connotacións materiais para producir o cambio social. A pretensión de Saint-Simon foi establecer os fundamentos para que esta ciencia poidese chegar a ser unha ciencia positiva. Unha ciencia positiva vai a ter enormes e transcendentais efectos sobre o sistema social, esta ciencia permitirá reformar o sistema social. **A este autor importáballe establecer os fundamentos dunha ciencia positiva porque o que lle importa realmente é cambiar a sociedade.** Esa exaltación da ciencia ten como obxectivo modificar o sistema social. Nun principio creará que o modelo metodolóxico adecuado a esta ciencia é o modelo newtoniano, e despois pensará que é a bioloxía, e ó final pensará que é o modelo metodolóxico da historia e da economía. Opinará que o científico social deberá ter unha actividade newtoniana: a observación e a experiencia. Saint-Simon non analizou a sociedade como se fose un corpo vivo, á que denominaba corpo vivo, para este autor un corpo ten a súa virtualidade na medida en que está enteiro e ten unha función, **el creará que calquer análise ten que considerar á sociedade como un todo.**

¿Como pode estudiarse unha sociedade desde un punto de vista metodolóxico? Pódese estudar desde a historia e a aplicación de tipoloxías sociais. Saint-Simon cree que só se pode analizar correctamente unha

sociedade se se fai unha tipoloxía, porque só así se pode analizar correctamente unha sociedade se se fai unha tipoloxía, porque só así se poden comparar tipos. As tipoloxías que constrúe Saint-Simon non son tan significadas como as que emprega Weber, pero parecidas ás que utiliza Tocqueville, el extrae das sociedades aqueles elementos e características que teñen unha maior carga explicativa desa sociedade, e con estas constrúe un modelo social: da conta do pasado, analiza o presente e predice o futuro. As tipoloxías nacen dunha constatación, da comprobación de que se producen regularidades empíricas. Hai feitos sociais que se dan dunha maneira universal, a primeira tiña como ambición analizar os elementos constantes que se produce nunha sociedade.

1) SOCIEDADE FEUDAL

(E TEOLÓXICA)

2) SOCIEDADE DE TRANSICIÓN

3) SOCIEDADE INDUSTRIAL

(E CIENTÍFICA)

Para Saint-Simon a súa sociedade está en crise, estase producindo un cambio de sistema social, que non é o mesmo que un cambio político. O feudalismo coa súa forma de entender a sociedade levou a unha crise. No contexto desta época de transición: Revolución Francesa, convulsións que afectan a toda Europa, o período napoleónico, ten lugar a Restauración e as tensións entre o absolutismo e a democracia; aparecen ou xorden novas formas de pensamento, desaparecen moitas formas de organización da vida cotidiana, aparece xa unha industrialización incipiente, as cidades configúranse como o espazo onde teñen lugar os fenómenos sociolóxicos (o rural case sempre acompaña a propostas sociais que son conservadoras), aparecen conflitos sociais novos e unha crise económica.

Para definir esa etapa vese obrigado de mirar cara ó pasado e cara ó futuro, a ciencia e o coñecemento non serven de moito se non son capaces de predicir. Para poder atopar o perfil desta sociedade industrial mírase cara ó pasado: non hai unha soa sociedade no mundo que non teña dous fins básicos: ou a guerra ou o traballo; e que as relacións económicas baséanse nestas dúas funcións. A sociedade industrial escolle como fin o traballo fronte á guerra escollida polo estamento feudal. No sistema feudal dominaba o clero (que controlaba as ideas) e os militares (que organizaban social e economicamente a sociedade). Saint-Simon era un crítico da sociedade industrial, pero pese a isto consideraba que a etapa feudal foi útil e necesaria, e sen esta etapa non chegaríamos á etapa industrial (a idea do coñecemento é acumulativa). A sociedade feudal para Saint-Simon foi inevitable. Para este autor todos conflitos históricos nacen da substitución de transición social e de transición política.

A sociedade industrial ten como fin último o traballo e os seus estamentos son os industriais e os traballadores. Inicialmente Saint-Simon non ve ningún tipo de contradicción entre os intereses dos industriais e os dos obreiros pensa que hai unha harmonía preestablecida porque coinciden nun fin: o traballo. Despois cambiará de posición con respecto a este tema. Nunha primeira estancia a sociedade industrial é harmónica e carece de tensións. Na sociedade industrial o sistema de ideas é a ciencia, ocupa o lugar que ocupaba a relixión no estamento feudal, a ciencia sacralízase, hai unha confianza absoluta na ciencia. A ciencia é a gran ideoloxía do positivismo.

Saint-Simon é un deses autores que **elabora tipoloxías como un método de acceso á realidade social**, fai unha da sociedade feudal e outra da sociedade industrial para facer comprobacións. O que fai Saint-Simon é contraponer a sociedade feudal á sociedade industrial.

Para Saint-Simon esta sociedade industrial vaise realizar e aparece como unha sociedade sen tensións

internas, a clase industrial é a clase dirixente teñen como destino e obxectivo dirixir a sociedade, esta clase está composta polos sectores da industria e despois da ciencia, porque hai moitas converxencias. Son os industriais e os científicos os que substituían ós nobres e eclesiásticos da sociedade feudal, a sociedade industrial para manterse sóbralle ese sector dirixente feudal, a unha sociedade nova correspóndelle unha nova clase dirixente. **Saint-Simon fai unha aportación sobre a circulación das élites, das clases dominantes, esta é un dos precedentes máis forte de Caetano Mosca (que constitúe unha teoría sobre a circulación das élites).**

As súas aportacións singulares son as de empregar tipos e a de elaborar unha teoría da circulación das élites. Para Saint-Simon a sociedade industrial é unha organización social que está estruturada entorno a un espírito industrial, entorno ó pacifismo e á cooperación entre todos os sectores sociais; para Saint-Simon hai que traballar entorno á industria, inicialmente hai un espírito de cooperación. Hai unha converxencia de intereses segundo este autor polo que é un bo modelo social. **Ó final da vida de Saint-Simon prodúcese no seu pensamento un xiro ideolóxico e político moi forte: finalmente Saint-Simon creará que tamén se producen tensións dentro da sociedade industrial, hai conflitos e diverxencias de opinión ente os obreiros e os dirixentes; entón pensa que hai que reformular o sistema de mercado capitalista, pensará que hai que favorecer ós sectores máis desfavorecidos, entón convértese en teórico do socialismo utópico, sendo un referente para o propio Marx.**

Comte e Saint-Simon son os autores esenciais do positivismo e este xunto co marxismo son os fundamentos da socioloxía. **Nunca se desenrola unha teoría con capacidade de influír se non se fai polemicamente.**

[Completar polo texto de Franco Ferraroti: ***O sociocentrismo positivista*** no libro: ***O pensamento sociolóxico de A.Comte a M.Horkheimer***. Editorial Península; e Miguel Beltrán: *A clase de ciencia social posible* (Capítulo III) no libro: ***Ciencia e socioloxía***. Editorial CIS.]

O discurso do social xorde de dúas realidades: unha é a política e outra é a sociedade doméstica. Ata o século XVIII só existía o ámbito da política, das normas, etc. e despois aparece a sociedade doméstica, onde se realizaban os intercambios económicos, da economía e da familia. Entón xorde un espacio novo a raíz da Revolución Industrial que arranca a economía da sociedade doméstica e acaba co absolutismo e coa monarquía, entón aparece un espacio real novo: o exercicio libre dos dereitos dos cidadáns, entón xorde a idea do social (aparece un novo paradigma). A sociedade doméstica na Revolución Industrial perde o factor económico e só lle queda o factor da reprodución social, etc.

Sociocentrismo: O centro é a sociedade, é ese espacio basicamente urbano onde teñen lugar as actividades económicas e onde os individuos defenden os seu dereitos: artículanse en grupos e asociacións. **O positivismo explica que o seu obxecto privilexiado de investigación é a sociedade.**

Comte é un autor para a socioloxía, non só porque foi o que acuñou o nome, senon por unha serie de motivos que imos ver a continuación. Comte que é o autor que primeiro proporciona á socioloxía un método, non é certo que sexa unha casualidade que este na historia da socioloxía; por primeira vez no século XIX vaise tratar de establecer un vínculo entre ciencia e sociedade, é algo que só fixera Rousseau no XVIII. Este autor tivo unha intuición xenial, a importancia que lle atribuíu á ciencia a nivel social e que marcou todo o século XIX. Comte tivo a grandeza de describir a sociedade industrial como dominada polo cálculo científico, como unha sociedade sociocéntrica, especializada, organizada, etc.

Comte comprendeu que a ciencia non é un feito individual, se non que é un procedemento público, o elemento fundamental da unidade social, é unificadora, é a base do consenso social.

RELACIÓN ENTRE CIENCIA E SOCIEDADE

No século XIX a ciencia érao todo, pensábase que era ese instrumento que nos levaría a conseguir benestar e

progreso e esto é produto do positivismo. Neste século a ciencia substitúe á relixión, e aparece o proceso de secularización. O gran teórico deste é Comte e o positivismo.

Na actualidade a ciencia ten relación coa sociedade: a ciencia como instrumento legitimador, socialización no que a ciencia é igual a benestar social; a neutralidade da ciencia existe?

A) UNIFICAR O MÉTODO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA.

B) DESORDE INTELECTUAL.

Un dos problemas máis importantes para Comte é a reconstrución da sociedade (despois da Revolución Francesa) pois é testigo do nacemento da Revolución Industrial e da caída da sociedade estamental. Prantexará os mecanismos e ideas para que a sociedade non se fragmente polas tensións sociais. A orixinalidade de Comte **para conseguir a unidade social radica na idea de que para reorganizarse o orde social precisase dun paso previo que é a reorganización das ideas.** A clave explicativa non estará na estrutura económica –como posteriormente lle parecerá a Marx– está na estrutura das ideas, está no pensamento. Un sistema estable precisa dun ideario común. Este análise lévaos a que hai que identificar as leis da evolución intelectual da humanidade e garantir a orde e o progreso.

A identificación das leis da evolución intelectual da humanidade: Comte creará que todos os procesos sociais, científicos, etc. están suxeitos ó mesmo tipo de evolución, pensará que a relixión, a sociedade, etc. acabarán sendo positivistas. Neste período hai un certo determinismo. A sociedade positivista quere dicir que esta rexirase por termos científicos.

O problema clave de toda a sociedade é o do consenso, unha sociedade existe cando nesta existe unha mínima base para o consenso. Para que exista consenso os individuos teñen que compartir unha serie de ideas. Comte creará que o problema da sociedade na que vive será de déficit de consenso social, a orixinalidade de Comte é que pensa que esas ideas de consenso só se poden extraer da ciencia.

O problema é que na ciencia coexisten varios métodos científicos o que impide acadar o consenso social, o primeiro paso é a unificación do método científico. A idea do consenso social está vinculada á idea de legitimidade. No século XIX creíase que a ciencia traerá progreso, e pensábase que a legitimidade terá o seu consenso na ciencia. Non hai legitimación sen consenso.

Comte creará que hai unha **anarquía no sistema de ideas**, e ademais cree que hai unha anarquía política. Comenta que un dos problemas dese **caos político é que todos os individuos se consideraban bos para resolver os problemas sociais**, e este autor pensa que a administración política é un traballo que require unha gran **especialización**, neste sentido non todos os individuos poden facelo. Comte sinala a oposición dos políticos á ciencia porque estes pensaban que empregar a ciencia conlevaría unha perda de poder. Para este autor, calquera tipo de solución pasa pola unidade do método na ciencia, pola superación do método teolóxico–metafísico. **A solución vén pola extensión do método positivo a todas as ciencias, a extensión do método das ciencias naturais ós fenómenos sociais** e para isto el creará que hai un método fundamental: **a filosofía positiva**, e a través deste poderase atopar o tronco único de todas as ciencias, esta disciplina céntrase nun método único como interpretación da realidade natural e da realidade social.

PREGUNTAS:

1) EXPLICAR O VÍNCULO ENTRE CIENCIA E SOCIEDADE: Con Comte a ciencia deixa de ser un feito privado e convértese nun coñecemento público, a **ciencia como instrumento de transformación social, a ciencia aporta os criterios que producen o progreso.**

No século XIX a ciencia pasou a ocupar o lugar do que xorden as ideas fundamentais que unifican a

sociedade.

Idea común entre a Ilustración e o Positivismo: a ciencia como instrumento de transformación social, pero no século XVIII primaban valores relixiosos, en Comte a ciencia pasa a abarcalo todo. No século XVIII non pensaban na ciencia como elemento de unificación social. Cando Comte ve a realidade social ve no seu todo, non ve institucións e despois aparecen outros fenómenos sociais. A unha realidade social única correspóndelle unha ciencia única.

2) CONSENSO SOCIAL E CIENCIA: SACRALIZACIÓN DA CIENCIA: A ciencia no século XIX ten unha posición que non ten no século XVIII: a ciencia no XIX ten unha visión política, fará desta un fenómeno infalible, a dimensión política especial é que a ciencia é o instrumento do que deben apropiarse os políticos para gobernar (esto é un feito inédito).

Nunha sociedade hai consenso cando unha gran maioría comparte valores, pensamentos, etc; eses valores son aqueles que fan posible que esa sociedade non se quebre, que non se rompa. Todas as relixións teñen un código moral ou ético, e todos os individuos se apropian desa moral.

Se queremos que a sociedade sexa científica temos que empregar a metodoloxía das ciencias naturais. Para Comte o *caos social* deriva do *anarquismo intelectual* polo que é necesario o método único, hai que reducir todo feito ou experiencia humana a medicións concretas. Para Comte o *método das ciencias naturais* non pode basearse só no empírico, debe ter unha base teórica. Esa hipótese teórica debe saír da observación.

O PAPEL DA SOCIOLOXÍA NO PENSAMENTO DE COMTE

Proporcionoulle á socioloxía o nome, o obxecto de estudio (a sociedade) e unha metodoloxía: a das ciencias naturais. Ideas que posteriormente asumirá Durkheim.

Un experimento directo é partir da observación de determinados feitos sociais e recrealos nun laboratorio (Ver definición de Ferrarotti: creación de circunstancias artificiais na observación dun fenómeno). Un experimento indirecto é cando aquilo que é previsible cando temos os elementos que nos permiten esa predicción, rómpense as leis da evolución social (son os casos nos que as leis fundamentais sufren alteracións segundo Ferrarotti). A socioloxía ten que investigar os experimentos indirectos.

Para Comte a socioloxía é a gran unificadora, a labor da socioloxía é detentar leis universais, descubrir as regularidades empíricas. Comte cree que ó igual que nas ciencias naturais nas sociais hai leis ou regularidades.

Giddens sinala que para detectar o positivismo temos que atopar tres características:

- O positivismo **toma o método da ciencia como metodoloxía.**
- **Formular leis causais** Regularidades empíricas (Importante en Comte).
- **Avalourismo**, posibilidade de obxectividade e ausencia de valores.

O positivismo fai dúas grandes aportacións, por primeira vez delimita o obxecto de coñecemento para a socioloxía (é a sociedade, por eso fálase de sociocentrismo) desde o punto de vista do obxecto de estudio; dende o punto de vista da metodoloxía decídese a analizar a sociedade baixo os instrumentos das ciencias naturais que ten que detectar todos eses fenómenos que se repiten de forma sistemática, son regularidades empíricas. As leis causais en socioloxía son exactamente iguais que nas investigacións naturais.

O positivismo segundo Comte non é avalourista, eles sabían que o seu modelo era o deber ser, isto implica valores morais e políticos. No positivismo do XIX e do XX o modelo metodolóxico das ciencias naturais son comúns, **o avalourismo non é orixinario de Comte nen do positivismo senón que é unha aportación que**

se fai no século XX, todos os estudos teñen a posición de non estar sustentados por valores e non queren chegar a un modelo, hai unha contradición entre o positivismo actual e o que sustiña Comte no século XX.

Orde (reorganización da sociedade en clave de capitalismo industrial, de progreso económico).

A ciencia como único modo posible de abordar a realidade (a ciencia ten un contido ideolóxico importante).

Progreso (non é un concepto unidimensional, ten moitos significados, é ideolóxico).

O positivismo é unha teoría como resposta ás consecuencias da Revolución Francesa, o sistema burgués atopa no positivismo unha forma de ver o mundo que lle parece adecuada. A relación entre a burguesía como clase social hexemónica e o positivismo como método de ver a sociedade. O positivismo fai unha crítica moi forte do pensamento ilustrado, do pensamento político que sae da Revolución Francesa.

RELATIVISMO. O positivismo critica a posición do pensamento racionalista ilustrado de poder entendelo case todo, a esa perspectiva absoluta e teleolóxica. Entende o positivismo como un tipo de pensamento relativo. O relativismo é unha forma de entender fenómenos, os individuos temos unhas limitacións humanas á hora de observar os fenómenos, non podemos coñecerlo todo, e as cousas non son absolutas, non son fixas, senón que están nunha situación de cambio. O positivismo preséntase como un modo de pensar relativo desde o momento que pensa que o pensamento ilustrado é sintético, que quere explicalo todo.

COÑECEMENTO ACUMULATIVO. O positivismo é un modo de pensamento acumulativo. Os logros dos coñecementos súmanse uns a outros e a suma é unha visión máis exacta da realidade. Non só o coñecemento, para el todo xira entorno á noción de progreso, o coñecemento é acumulativo, progresivo, individual e o colectivo. Por eso hai un elemento determinista.

CRÍTICAS Ó POSITIVISMO

- Para o positivismo **o coñecemento obxectivo é o que nace do empírico, as críticas din que a noción de observable e o observado é discutible**, pode haber cousas que non se poden observar dende unha perspectiva cuantitativa. En socioloxía hai cousas que non se poden cuantificar. **A cuantificación ten un seguinte nivel que é o da interpretación, que é o que obvia o positivismo.** É absolutamente imprescindible contar cun elemento nas investigacións, os datos. O concepto de observación e do observable hai que miralo con moita cautela. Hai aspectos da realidade que non se poden cualificar: a ideoloxía, os valores morais, etc. Non se poden captar a través da observación directa todas as realidades sociais e que non todas poden ser cuantificadas, o cal non quita que poida ser pretendida esa cualificación.
- **NEUTRALIDADE NA LINGUAXE CIENTÍFICA.** O positivismo trata de acadar unha linguaxe científica neutral ideoloxicamente. Todas as formulacións do positivismo teñen un afán de eliminar cada sesgo ideolóxico, pretenden que sexan parecidas ás matemáticas ou á física.
- **DESPROBLEMATIZACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO.** O positivismo trata de cada formulación causal, de cada lei, de xustificalo intelectualmente. Todo este afán fai que se esqueza da súa orixe, da súa causa. O positivismo non ten en conta o contexto, desproblematiza o coñecemento científico. O positivismo non se preocupa de vincular ciencia e sociedade en clave ética. Non ten en conta o contexto histórico-político no que xorde o problema. Alude ás cousas, á xenese e a evolución do coñecemento. Ó positivismo impórtalle como aparece un fenómeno social, non lle preocupa a súa xenese.

Estas tres críticas pden referirse todas ó positivismo actual, sendo a primeira común ó positivismo do XIX e do XX.

Desde que xorde en socioloxía o positivismo nunca máis se pode prescindir da cuantificación, de extraer datos da sociedade. Outra aportación importante é o empirismo, é unha teoría sociolóxica que fai unha continua

remisión á experiencia, hai hipóteses empíricas e teóricas, nas primeiras recórrase á experiencia para contrastalas e as segundas son moito máis difíciles de contrarestar coa experiencia. O que ten que ver cos valores e ideoloxías non se pode contrastar, son difíciles de ver. Non hai unha soa teoría sociolóxica a partires do positivismo que desdén a cuantificación.

O positivismo conseguiu liberar ó coñecemento científico da súa dependencia metafísica.

COMENTARIO DE TEXTO DE COMTE

• Caracteres xerais da filosofía positiva

Aspecto fundamental: Este texto ten este título poque é extremadamente importante a concepción de filosofía positiva en Comte, o positivismo é algo global, a filosofía positiva ten que ver co coñecemento científico, cos modelos políticos, é unha instancia tan sistemática e global que non deixa nada fóra do seu marco, non deixa nada sen interpretar. O positivismo e esta filosofía dan explicación a todos e cada un dos elementos que forman a realidade.

Cando fala desa filosofía emprega catro conceptos: realidade, utilidade, certeza e precisión.

- **Realidade:** a filosofía positiva é unha interpretación da sociedade, daquelo que existe. A principal aportación da filosofía é analizar o conxunto social. A socioloxía ten como aspiración explicar algo que está na base de todo o que se atopa nos elementos sociais.
- **Utilidade:** cífrase na reforma social. Busca dar á sociedade unha dirección determinada, no seu núcleo está o modelo burgués que se atopa presente na Revolución Industrial. É a filosofía que explica o capitalismo dun xeito non crítico, entende que deber ser a dirección que debe tomar a sociedade.
- **Certeza**
- **Precisión**

Outra das **ideas principais do texto é o carácter relativo do coñecemento científico**. O positivismo reafirma a idea de que todo coñecemento científico é relativo, sendo distinta á concepción marxista, a razón moderena non pode deixar de ser crítica entón o pasado se non renuncia a todo principio absoluto, vinculado á crítica ó pasado, á crítica ó racionalismo ilustrado (Kant, Rousseau)

Existe unha oposición entre razón e sentimento, o primeiro ten un espazo científico e o segundo está relacionado coa literatura, a vida privada. Son teorizados como aspectos ou espazos distintos e como irreconciliables porque o sentimento atáñe ó individual e a razón é universal. O sentimento predispón ó caos e a razón predispón ó orde.

Outra das ideas que se resalta é que o coñecemento sempre é lexitimación.

O positivismo fai unha explicación do que hai e analízao a través da ciencia, pero tamén nos indica o que debe ser e isto non pode estar baseado na ciencia. O positivismo non é so coñecemento científico se non que son valores, son sentimentos (recoñece a enorme lagoa que tiñan todas as construcións teóricas, a plasmación dun modelo de sociedade nova en relación co Antigo Réxime, e unha sociedade nova necesita uns novos valores e non poden extraerse da ciencia porque non son produto de realizacións individuais, na ciencia pódese crer). Comte recoñece que todos os individuos non somos reflexivos.

• Obxecto da filosofía positiva

- O núcleo ou a médula de todo coñecemento é a filosofía positiva, explica con moita claridade a necesidade da división intelectual, pero todas as ciencias teñen o mesmo eixe, ese tronco común, a filosofía positiva que é unha interpretación ideolóxica que resalta a idea de orde e de progreso.

- O que ocorre na sociedade é resultado do que ocorre nas ideas. A filosofía positiva é esa fonte de orde social, de orde político e de orde científico.
- Toda especialización científica debe ter como núcleo esa interpretación positiva do mundo. Se non ten este núcleo produciríase a disgregación das ideas e polo tanto da orde social.

Escrebe a súa obra na primeira metade do século XIX. Esta é moi longa pero destacan estes dous títulos:

A democracia en América

O Antigo Réxime e a Revolución

Tocqueville tiña predestinado o seu futuro, era dunha familia aristocrática e dedicada desde tempos dos seus antergos á maxistratura. Entón este tipo de postos eran hereditarios e vitalicios, tiñan unha gran influencia política e daban un gran status social. Tocqueville viviu cerca de corenta anos e sendo moi novo pediulle ó pai que lle dese unha marxe de tempo para irse a EEUU, foi co conseguinte encargo: que realizase un estudio sobre o sistema penitenciario estadounidense. Para Tocqueville era un país que se logrou realizar unha revolución de forma pacífica con poucas tensións e conseguiu un modelo de democracia que el consideraba idónea.

Tocqueville estudiaba o modelo americano de democracia para poder aplicalo ó modelo francés, coñeceu todas as institucións da democracia estadounidense. Tocqueville é o gran teórico do liberalismo do século XIX. Todo o pensamento político do século XVIII e tamén do primeiro tercio do século XIX xira entorno á opresión que o Estado e as estruturas políticas realizan sobre os individuos. Tentaban garantir fronte ó Antigo Réxime unhas estruturas que non sexan opresivas.

Ata Tocqueville pensouse que a liberdade dos individuos dependía das estruturas políticas do Estado, isto é prantexado polo pensamento ilustrado e o primeiro liberalismo, o Estado tende cara ó despotismo.

Tocqueville di que non é o estado e as estruturas políticas o único que fai perder liberdade ó individuo, se non que tamén poida ser a sociedade a que nos faga perder liberdade. O liberalismo di que o individuo faise libre na sociedade tendo as liberdade individuais, hai instancias que privan de liberdade ós individuos.

¿Que instancias que non sexan o Estado poden facer que os individuos sexan menos libres?

O liberalismo teoriza durante o século XVIII e durante o XIX que a propiedade é un dereito alio ó estado. **O liberalismo pide que o estado e a sociedade sexan entidades realmente separadas.** A propiedade é un elemento fundamental da sociedade, pero non é tamén o que diga que a propiedade limita as liberdades dos individuos.

A historia do liberalismo non é homoxénea, é desde un punto de vista ideolóxico e político moi complexa. Tocqueville xunto con Stuart Mill, que dunha forma incorrecta poderían situarse na socialdemocracia, son uns liberais moito máis comprometidos coa igualdade que o resto de liberais. **O liberalismo caracterízase pola defensa da liberdade, aínda que relacionada cos dereitos de propiedade.**

Dentro do liberalismo o gran teórico da crítica ó patriarcalismo é John Stuart Mill. Para el existen tres elementos de desigualdade: clase, xénero e raza. Por primeira vez na historia do pensamento social e político Tocqueville fará un estudio das fontes da servidume dos individuos na sociedade, cando esa sociedade se sacraliza os individuos poden padecer esa restricción. Cando a sociedade adquire tantos dereitos que acaba sendo opresiva sobre os individuos.

Tocqueville vai a facer unha análise no seu libro O Antigo Réxime e a Revolución exhaustiva sobre cal era a situación política previa á Revolución Francesa. **O absolutismo como modelo político xenera perda de liberdade e igualdade para os individuos porque o Estado é tan absoluto que impide a formación dunha**

sociedade e se non hai sociedade non existen dereitos individuais, non existe o individuo. A Revolución Francesa o que fai é poñer en cuestión a idea do estado absoluto. **Ó mesmo tempo o Estado Absoluto debido á estrutura estamental xenera e reforza unha desigualdade maior.**

O modelo político que se vai a consolidar no XIX é un modelo que garantice as iguaisdades sociais. Tocqueville reflexiona sobre a liberdade e a igualdade, comprende que **sen igualdade non poden existir sistemas sociais democráticos.** Tocqueville vai a crer que **a implantación da igualdade é un proceso inevitable da modernidade.** Non hai democracia se non está sustentada nalgunha forma de igualdade, **democracia e igualdade son dous polos que teñen que estar vinculados.** O problema é cómo se define a igualdade, e neste sentido o liberalismo vai a apoiarse na seguinte idea: igualdade como idea política lexítima sempre e cando esa igualdade se extraia do método do esforzo persoal pero esta idea trae moitos problemas. Para o liberalismo: O importante é o punto do que parte, non, o importante é que todos os individuos teñan acceso á igualdade de oportunidades. Tocqueville non cría na igualdade de condicións, aceptaba o feito de que se uns individuos tivesen propiedade non era un obstáculo ns sociedades democráticas, para el os individuos queren traballar. Tocqueville atópase metido nunha gran contradicción, considerará que aínda que os individuos loiten para que as sociedades non camiñen cara a igualdade isto é un proceso imparabile. O outro polo da tensión é que demasiada igualdade pode ser nociva para os individuos, pode xerar novas formas de servidume. En Tocqueville hai certo medo á igualdade. O referente máis claro cando este autor fala de igualdade é o da Revolución Francesa.

En Tocqueville hai unha reflexión conxunta sobre o tema da igualdade e o da liberdade, a igualdade é un dereito irrenunciable para todos os individuos, toda reflexión de Tocqueville está encamiñada cara á construción de sociedades que garanticen a máxima igualdade. No francés está presente a idea de que **a igualdade debe estar sometida a restricción porque o desenrolo da igualdade pode xerar límites na liberdade.** É verdade o tópico de **tensión entre liberdade e igualdade.**

O exceso de igualdade pode xerar restriccións na liberdade dos individuos? Pode a liberdade xerar formas de servidume? Non é igual a resposta que da a estas dúas preguntas o liberalismo que a que da o marxismo. O francés é un pensador clave da esquerda do liberalismo. **Tocqueville identifica a igualdade con democracia. A igualdade e a democracia son procesos irreversibles alleos á vontade popular, existindo neste autor un alto grado de determinismo.**

Para o liberalismo a noción de liberdade é fundamental, sostén que o Estado non pode privar de liberdade ós individuos e que se convirten en seres libres cando pertencen á sociedade civil. En Tocqueville hai un elemento extremadamente forte de determinismo, cree que a democracia e a igualdade son inevitables para a sociedade, a democracia está indisolublemente ligada á igualdade. Por primeira vez prantéxase que a liberdade dos individuos vese mermada non só polo Estado , senón pola propia sociedade. A sociedade réstalle autonomía moral ós individuos.

A primeira tese de Tocqueville é que o Estado a partir da descentralización e da burocracia merma a independencia dos individuos, a Administración Pública pon en funcionamento un sistema de vixilancia sobre os individuos que é invisible, os individuos non se dan conta do enorme poder coactivo que os individuos teñen sobre eles mesmos. Esta ameaza é a tese que mantén toda a teoría liberal.

Para Tocqueville, para toda a teoría social e política o Estado está absolutamente ligado á idea de democracia, de liberdade e de igualdade. A través do Estado é como se poden instrumentalizar politicamente estes tres valores. Esta posición é común a todos os liberais: a diminución do papel do Estado.

Tocqueville é o primeiro que dirá que a coacción non só se orienta no Estado, se non que a **coacción máis forte realízase na socialización,** unha das fontes primarias de coacción é o control social, e non ten que estar concretado a través do Estado nin a través de leis. Tocqueville tenlle medo á masa indiferenciada, ó poder colectivo, non poden esquecer esa época de Terror da Revolución Francesa. Cando un autor constrúe

concepción teóricas enténdese que veñen nun contexto histórico e persoal, no caso deste autor a súa procedencia era aristocrática pero consegue distanciarse un pouco deses dereitos de sangue, é quen de producir unha teoría que se distancia desa condición familiar.

Unha das ameazas que contempla este autor para a autonomía do individuo é a lei ou forza das maiorías, que Tocqueville denominará como a **dictadura das maiorías**, que non teñen porque estar concretadas politicamente. Para Tocqueville a lei das maiorías pode ser unha das formas importantes para afogar a liberdade individual. Non hai democracia se esta non é capaz de expresar os intereses da maioría, na época de Tocqueville a maioría viña dada por un sufraxio censitario. O concepto de maioría ou minoría son conceptos políticos.

Tocqueville non se aparta un ápice do liberalismo cando di que non pode haber unha democracia que non se basee nas liberdades, outra cousa que é correlativa é que esa maioría política se exprese como unha maioría social a través dun código de valores, esta maioría pódese converter nunha teoría de minorías.

Stuart Mill da un paso máis alá, quen fai aportacións de interese a unha sociedade nunca é a masa, son as individualidades con talento as que teñen que levantarse por encima da masa.

A **uniformidade ideolóxica** é o segundo efecto non desexado das democracias. A opinión pública pode ser coactiva para os cidadáns, non pensa na socialización como fonte primaria de coacción, o que lle preocupa é a socialización que xenera a democracia, no sentido de socialización por parte dos sistemas democráticos nunha determinada dirección ós cidadáns. Para Tocqueville a democracia socialízanos clonicamente, cree que **os sistemas democráticos poden eliminar as diferencias entre os individuos**, poden facer posible que os cidadáns non teñan posibilidade de elección. O importante é que para Tocqueville a servidume non nace na política se non na sociedade.

Todo isto pode denominarse **control social**, o problema enorme é que se asumen e interiorizan eses problemas sociais sen dar-nos conta de que son feitos sociais coactivos.

Tocqueville di que a democracia pode ser un sistema social nocivo desde o momento en que non se pode considerar a democracia sen igualdade, ten medo á idea de igualdade: xeraliza, clonifica, etc. Ten un concepto da igualdade en clave absolutamente liberal, tendo o marxismo outra idea da igualdade. O problema da igualdade está vinculado á posición social sobre a que se xuzgan eses conceptos. Hai no libro **A democracia en América unha descripción detallada de como debe funcionar unha democracia, cando fai isto o que realiza é unha construción de tipoloxías**, sendo o precedente máis cercano que ten Weber. Explica cais son as instancias e modelos de organización para que dun sistema se poida dicir que é unha democracia, da un paso máis que é explicar para que un sistema poida denominarse a si mesmo democrático ten que ter uns determinados elementos.

Tocqueville pensa que estes **peligros da democracia e da igualdade poden ser combatidos por dous medios**:

- **O INDIVIDUALISMO**: Como en todo hai unha **exaltación do individuo**. Di que a imparable tendencia histórica á igualdade só pode ser freada polo individuo. A sociedade como masa indiferenciada que producirá calquera exceso de igualdade só pode ser combatida cando se lle **outorgan ós individuos as ferramentas para desenrolar a súa propia singularidade**. O individualismo é unha teoría que xorde a través da Ilustración, que se reforza no século XIX e se exalta no XX e que se concreta nos dereitos.
- **AUTOPEFECCIONAMENTO**: Os individuos son responsables de si mesmos.

EFFECTOS NON DESEXADOS DA IGUALDADE

CORPOS INTERMEDIOS

Para Tocqueville a noción de democracia e de igualdade solápanse. O francés pensa que a democracia é un elemento historicamente inevitable, todas as sociedades van a acabar con sistemas políticos e sociais democráticos, neste sentido hai un certo determinismo histórico. Neste autor hai un medo moi claro á radicalización da igualdade e da democracia, ese pánico á igualdade faino ou demóstrao enumerando os efectos non desexados que pode provocar a mesma, se se radicaliza a igualdade pode devir este sistema nun totalitario.

O máis importante é que pon de manifesto **a idea de masificación, a idea de homoxeneización social**. A igualdade preocúpalle por se os individuos son intercambiáveis, se os individuos somos afogados na creatividade, é unha das advertencias máis fortes da democracia.

Combate eses efectos negativos dende dous lugares distintos:

- **evitar a uniformización ideolóxica a traves do fortalecemento do individuo. A contrucción de individuos con personalidades fortes e específicas que sexan capaces de enfrentarse a esa masa indiferente.** Tocqueville fai seu o **concepto cristiano da dignidade individual e do respecto** e esto forma parte da doutrina liberal. Para o francés individuo é tal cando se pon en marcha o mecanismo da autonomía, cando é dono dos seus propios criterios, cando non ten que acudir a fontes de autoridade para defender determinados postulados. Este concepto de autonomía é a que pon en cuestión o posmodernismo, devén este concepto de Kant que pensa que é a maioría de idade, a capacidade de razonar individualmente, é crítico, neste sentido é racionalista. Neste concepto atopamos unha clara raíz ilustrada.
- **Concibe a idea de individualismo no sentido de autoperfeccionamento** (influencia cristiana, pode ser perfeccionado), cree que esto radica nun mesmo. Concepción liberal no sentido de que os individuos son responsables de si mesmos. É un teórico da responsabilidade do individuo. Para ser un individuo racional teñen que ocuparse de que a súa vida e de que o seu proxecto vital vaian a mellor. Lanza unha **advertencia contra o efecto que poida producir a democracia de que os individuos se recollan no ámbito privado** (á vida de ocio) **e desta forma desentenderse da vida pública. Para Tocqueville non hai posibilidade de perfeccionamento se o home non se implica no público, e debe ter unha vida persoal dedicada a fortalecerse a si mesmo en todas as dimensións posibles.**

Todos e cada un dos individuos deben darse a si mesmos as normas morais polas cais deben regular as súas vidas. Tocqueville ten diante a sociedade anterior á Revolución Francesa e outra sociedade que nace (caso de EE.UU. e empeza a consolidarse) e tamén ten como referente o modelo francés desa época na cal a democracia non acaba de callar.

Na Idade Media no estado estamental no que viviu a familia de Tocqueville, os individuos pertencían a estamentos diferentes por eso o relevante non eran os individuos se non os grupos sociais ós que se pertencía, un individuo érao dependendo do estamento ó que pertence. Criterios de sangue e de rango fundamentan desigualmente a pertenza ós estamentos, pero el pensa que a sociedade da Revolución é unha sociedade composta por individuos. Nesa sociedade estamental os individuos eran protexidos por ese estamento, a sociedade do XIX sacounos dos estamentos e deixonos nunha sociedade de anomia social.

Durkheim pon de manifesto a sociedade do home moderno, a dificultade dos lazos de relacións entre o individuo e a sociedade, pero ante fixérao Tocqueville. Como se pode neutralizar esa sociedade que está implícita na sociedade, esa perda de identidade despois da sociedade estamental?

Tocqueville psotula o reforzamento da sociedade civil, os corpos intermedios ou secundarios. Ese fortalecemento do individuo so é positivo se se fai desde a recreación destes corpos intermedios ou secundarios, serían asociacións que cumprirían a mesma función psicolóxica que realizaban os estamentos na Baixa Idade Media. Serían asociacións que funcionarían como amortiguadores entre a sociedade e o

individuo.

PÚBLICO/PRIVADO. A **sociedade civil** é aquilo que **non ten que ver co Estado nen coa institución política**, non ten que ver coas institucións de representación do Estado. Estas asociacións da sociedade civil teñen implicacións políticas claras, deben exercer control e presión sobre o goberno e as institucións. A socioloxía pon de manifesto que as fronteiras entre o público e o privado cada vez son máis débiles. Forman parte do ámbito privado.

Desde o punto de vista do pensamento liberal do XIX cando se fala de sociedade civil fálase de actividades económicas e profesionais. O liberalismo defende que as actividades económicas deben rexirse libremente e non que estén intervenidas pola política. Tocqueville pensa co concepto de corpos secundarios: evitar ese elemento implícito no individualismo, cando se desenrolan perden as comunidades nas que os individuos están arraigados. Este autor pensa que **a idea de comunidade é fundamental para o individuo**. Por eso con estas sociedades os individuos crean lazos de relacións con estos corpos intermedios e para evitar a soidade social. Ademais servirán:

- Para socializar e para educar no sentido de responsabilidade social.
- Para combatir comportamentos egoístas.
- Para estimular a responsabilidade individual
- E sobre todas as cousas os corpos intermedios son útiles para facer contrapeso ó poder do Estado, á burocracia estatal.

Unha das ideas máis recorrentes para que determinados colectivos defendan os seus intereses fronte ó Estado. A fragmentación do poder para que non se convirta en autoridade e despótica ten que ter un sistema de contrapesos.

COMENTARIO DE TEXTO DE TOCQUEVILLE ACERCA DAS FORMAS

Formas: Fortalecemento da democracia, eliminar a arbitrariedade. Expresión da vontade soberana da sociedade son as normas. As formas garantizan certa imparcialidade, garantizan a igualdade. Ten que ver coa idea de que todos os individuos son iguais ante a lei.

Suposto: A idea de que Tocqueville defende unha sociedade con valores de democracia e de igualdade. Os conceptos de igualdade e liberdade son irreversibles para este autor o que denota unha concepción determinista.

Este francés resalta os perigos da igualdade e da democracia anticipándose desta forma ás grandes correntes do século XX e ó concepto do individuo–masa.

DOUS TIPOS DE SOLUCIÓNS :

- **EXALTACIÓN DO INDIVIDUALISMO.**
- **FORTALECEMENTO DOS CORPOS INTERMEDIOS, SOCIEDADE CIVIL BEN ARTICULADA OU ORGANIZADA.**
 - **CONCEPTO DE LIBERDADE:**
 - **en clave aristocrática: singularidades individuais.** A capacidade dun individuo de ser un mesmo. Os individuos somos radicalmente distintos os uns dos outros. Medo á igualdade baseado na idea de singularidade, na exaltación do valor individual.
 - Non existe a liberdade se non existe un sistema social democrático, os individuos deben estar protexidos ante a arbitrariedade. Concepto tradicional do Estado que garantiza os dereitos individuais.
 - Non hai igualdade se non hai respecto ó procedemento, respecto ás normas. A única igualdade que

recoñece o liberalismo é a política/estado.

Igualdade ante a lei, e o resto debe ser resultado dun logro persoal. O liberalismo dirá que é lexítimo que existan desigualdades económicas. Só son iguais no ámbito do político e de aí sae a categoría de cidadanía. Susténtase no concepto de igualdade de oportunidades, nunca en igualdade de resultados.

As ideas prodúcense en determinados contextos históricos. O concepto de democracia e igualdade en moitas ocasións son sinónimos en Tocqueville.

A democracia ten un significado polisémico:

- Non hai democracia que non este apoiada nunha organización política baseada na división de poderes. Pero non é bastante que para que unha sociedade sexa democrática o sexan as súas estruturas políticas, para que sexan democráticas debe selo tamén a sociedade. **Non é bastante que exista división de poderes e democracia formal, ten que existir unha sociedade democrática.** Os cidadáns foron socializados nos valores que forman unha democracia, cando os cidadáns exercen unha dosis razoable de autonomía persoal, cando os usos e costumes non están completamente atados á tradición. A constitución sociolóxica dos individuos ten moito que ver coas democracia.

Para Tocqueville a democracia non é un tipo de sociedade concreta nen de organización política: é un principio ético, político, vital, estético e psicolóxico que subxace ó Estado e á sociedade.

- **CONSTRUCCIÓN DE ALGO PRÓXIMO Ó QUE SERIA O TIPO IDEAL EN WEBER NO SEU LIBRO: A DEMOCRACIA EN AMERICA.**

- ◊ Descrición detallada de todas as institucións e mecanismos que hai na democracia americana.
- ◊ No segundo tomo fará algo distinto: extrae elementos desa análise descriptiva para construír un esquema teórico do que é a democracia (un sistema democrático).

Non hai maior escravitude que a que non chegamos a ver. Existe unha tensa relación entre o individuo e a sociedade e esta é a tensión fundamental.

INDIVIDUO ----- SOCIEDADE

Para Tocqueville cando os individuos consintan ó sistema política e á sociedade, e ese consentimento é dar lexitimidade á subordinación do individuo á sociedade. O entramado do Estado produce sempre algún tipo de coacción sobre o individuo. Esa subordinación dos individuos ó Estado faise a través do consentimento, cando se da esa aprobación non se vive isto como unha subordinación, pénsase que o individuo estase accionando a si mesmo, é un mal da igualdade e da democracia e ten a súa orixe no poder que se lle atribúe ó Estado.

As sociedades democráticas acaban concedendo un poder inmenso ó Estado. O estamento daba ós individuos unha identidade, e Tocqueville sinala nas sociedades modernas que ó verse privado dos estamentos perden a súa identidade social: **PARTICULARES ARISTOCRÁTICOS** (pequenas comunidades que lles fan sentir ós individuos que non están sós e dótanos dunha identidade). Para que a sociedade perda poder coactivo é necesario que a sociedade se fragmente, entendendo que criterios distintos obedecen a intereses distintos.

É o equivalente inglés, ou significa algo parecido ó que significou Comte en Francia. Consideración histórico-social distinta en Spencer: vive nunha sociedade na que a burguesía é unha clase social firmemente establecida porque esta clase social ten o control económico e social, a Cámara dos Comúns controla a Cámara dos Lores, a burguesía controla a aristocracia. Carlos Moya dirá que a teoría positivista de Spencer é a expresión dunha clase social burguesa moi asentada politicamente. Época victoriana, características particulares: enorme puritanismo moral, enorme represión das costumes, disenter da moral dominante era

pagar un precio penal. Ex: xuízo de Oscar Wilde.

Hai dous conceptos que definen moi ben a teoría de Spencer:

- Evolucionismo
- Organicismo

O enfoque económico de Spencer é evolucionista e organicista. Evolucionismo alude ó concepto de cambio social. En Teoría Sociolóxica non se pode analizar a obra de Spencer sen ter en conta a obra de Comte, hai que ter en conta o modelo de cambio social (en Comte as tensións e os conflitos son inevitables ata que se chega ó estadio primitivo), o concepto de cambio social de Spencer –non é que ten Spencer–, el non cree que os cambios teñen que vir da man de conflitos, é abertamente partidario e ve explicitamente que toda sociedade esta condenada ós cambios resultado dunha evolución natural sen unha revolución. O cambio social non está vinculado á acción social explícita dos individuos, é algo alleo á vontade dos individuos. A evolución é sinónimo de progreso e de liberdade.

CAMBIO SOCIAL EVOLUCIÓN PROGRESO FELICIDADE

O positivismo ten como obxecto a descripción minuciosa da realidade e a preocupación normativa ten unha aspiración que é transformar a realidade.

A preocupación de Spencer é positiva, **non é necesario facer ningún tipo de transformación social**, síntese satisfeito co status quo da burguesía. Spencer da resposta a esta clase burguesa e á súa satisfacción.

Spencer é un autor que participa desta tradición, pero tamén participa dese espírito científico–positivista, cree que a sociedade é unha disciplina–instrumento para que os individuos se coñezan a si mesmos, que se liberen de todas as cargas metafísicas, de supersticións, etc., é unha ciencia liberadora que rompe cos mitos da tradición.

Participa de toda esta corrente ideolóxica e intelectual que atravesa todo o século XIX en Occidente na que hai un enorme optimismo acerca da sociedade, un optimismo antropolóxico, creen na idea do progreso individual e do social.

Tanto en Comte como en Spencer esta idea ten un enorme determinismo, son alleos á vontade dos individuos.

En Spencer o evolucionismo é natural, para Spencer hai unha lei que vai máis alá, é unha evolución cósmica e nesa esta contida a idea de evolución, hai fortemente elementos naturalistas.

O concepto que ten de sociedade ten como referencia un organismo biolóxico. O concepto de evolución sigue –similar ó de Comte– unha traxectoria que vai do menos complexo e menos sofisticado ó máis complexo, e pode dar conta do social e do individual, que é allea á vontade dos individuos. Non evolucionamos como queremos se non como podemos, poden influír, a historia ten un fio conductor alleo á vontade dos individuos. Hai un optimismo en Spencer, o mundo ia a ir mellor. É un teórico do individualismo doctrinal:

A sociedade vóltase máis complexa e a imaxe que debemos ter desa sociedade é a dun organismo. Por propia lóxica, Spencer acuña dous conceptos chave do pensamento sociolóxico: estrutura e función que xorden da evolución social e do pensamento intelectual.

O positivismo dalle á socioloxía –que xorde nos inicios do século XIX–o primeiro elemento de cientifismo, por tomar moitos elementos do estudio da realidade natural.

A idea de lei non se entende sen unha causalidade, trata de extraer leis xerais de funcionamento da

sociedade. Para que exista lei a sociedade debe funcionar como uns fenómenos que se repiten sempre e entón ten a posibilidade de predecir:

- Comte dirá que se extraer de certa maneira, obsérvanse continuamente feitos sociais, hai unha regulariedade empírica.
- Spencer tamén creará que hai leis, e que a sociedade como mellor se explica é a través das leis.

Para Comte a lei é a construción de regulariedades empíricas, para Spencer estas regulariedades empíricas son vínculos necesarios, naturais, inmutables. Para Spencer unha lei é o resultado de determinadas realidades empíricas que se producen na realidade. En Comte hai un elemento de azar. En Spencer as leis son resultado dunha necesidade histórica, as leis teñen elementos de naturalidade, as cousas suceden dunha forma porque non poden suceder doutra.

Para Spencer a cultura forma parte da Natureza que está suxeita ás leis da evolución, a cultura non é resultado dun proceso azaroso dos seres humanos, para Spencer a cultura é un proceso inevitable, dentro da Natureza humana hai unha tendencia inevitable a construír mundos, a construír culturas. Dentro da bioloxía está contida a idea de cultura, os individuos só podemos producir culturas e sociedades porque esto está dentro dunha realidade, dunha lei cósmica. O ser humano ten unha tendencia ó progreso, que non depende da nosa vontade ata a evolución. Esta evolución é explicada en clave de felicidade individual e colectiva, o progreso fai que sexamos felices.

Dentro deste esquema non é posible desenrolar a liberdade, os cambios son predestinados, os individuos podemos introducir pequenos cambios, todo está case predeterminado: existe un dose importante de **DETERMINISMO**.

En Spencer hai unha teoría do cambio social que é allea á vontade colectiva, a teoría do cambio social en Spencer agóchase na teoría da evolución.

APUNTES DE TEORÍA SOCIOLÓXICA I

CURSO 1999–2000

33

JEAN–JACQUES ROUSSEAU

CARACTERÍSTICAS DO HOME NATURAL

HOBBS

LOCKE

ROUSSEAU

ESTADO DE NATUREZA

HOME SALVAXE

PIEIDADE NATURAL

AMOR DE SI

PERFECTIBILIDADE

PROPIEDAD PRIVADA

LINGUAXE

COOPERACIÓN

FAMILIA

PACTO ORIXINAL

PACTO DE SUXECCIÓN

PACTO DE SUMISIÓN

ESTADO DE

NATUREZA

PACTO

ORIXINAL

CONTRATO SOCIAL

PACTO DE SUXEICIÓN

PACTO DE SUBMISIÓN

GUERRA

LIBERDADE

IGUALDADE

INDIVIDUO

POLÍTICO

CIDADANIA

ESTADO DE NATUREZA

GUERRA

PACTO ORIXINAL

GUERRA

CONTRATO SOCIAL

CONSENSO

ESTADO DE PURA PACTO

NATUREZA ORIXINAL

ESTADO CONTRATO

PRESOCIAL FAMILIA SOCIAL

SOCIEDADE

ESPACIO PÚBLICO

ESTADO DE NATUREZA SOCIEDADE

DEMOCRÁTICA

ESTADO FAMILIA ESPACIO PRIVADO

PRESOCIAL PROPIEDAD FAMILIA

PRIVADA

SOCIEDADE DO CONTRATO SOCIAL

PACTO DE SUMISIÓN

PACTO DE PROTECCIÓN

ESTADO DE NATUREZA

PACTO ORIXINAL

PACTO SOCIAL

SOCIEDADE DEMOCRÁTICA

CONTRATO SEXUAL

(CAROLE PATEMAN)

O POSITIVISMO (PRIMEIRA METADO DO XIX)

SAINT-SIMON (1860-1825)

TIPOS DE SOCIEDADEE

TRABALLO

RELIXIÓN

GUERRAS (MILITARES)

CRISE DO CORPO SOCIAL

DIAGNÓSTICO DA SOCIEDADE

AUGUSTE COMTE

SOCIEDADE

POLÍTICA DOMÉSTICA

O SOCIAL (obxecto de estudio da socioloxía)

COMTE

POSITIVISMO

VALORES DE COMTE NO FUNDAMENTO DO CONCEPTO DE *SOCIEDADE*

EXPERIENCIA

HIPÓTESES EMPÍRICAS

Diríxese á idea de experiencia, á idea de observación

ALEXIS TOCQUEVILLE

ESTADO

SOCIEDADE

INDIVIDUO

TOCQUEVILLE

ESTADO

SOCIEDADE

CENTRALIZACIÓN

BUROCRACIA

MAIORÍAS

UNIFORMIDADE IDEOLÓXICA

OPINIÓN PÚBLICA

SOCIALIZACIÓN

CONTROL SOCIAL

DIGNIDADE

AUTONOMIA/INDIVIDUALISMO ÉTICO

AUTOPERFECCIÓN

INDIVIDUALISMO

SOCIEDADE

INDIVIDUO

CORPOS INTERMEDIOS

CONTRAPESO Ó PODER ESTATAL

FRAGMENTACIÓN DO PODER

POLÍTICA/ESTADO

SOCIEDADE

IGUALDADE (cidadania)

DIFERENCIAS SOCIAIS E COLECTIVAS (Sociedade Civil)

CONSENTIMENTO

-

+

SOCIEDADE CIVIL

ASOCIACIÓNS COOPERACIÓN SOLIDARIEDADE

FRENTE Ó ESTADO E Á SOCIEDADE

PARTICULARES ARISTOCRÁTICOS

HERBER SPENCER

EVOLUCIÓN

CULTURA

ORGANICISMO

ESTRUCTURA

FUNCIÓN